



Xurxo Mariño divulga a ciencia con humor e rigor en 32 relatos

La Voz

SANTIAGO | O Instituto Rosalía de Castro compostelán foi o lugar elixido polo Consello da Cultura Galega para presentar o novo libro de divulgación científica do profesor de Bioloxía da Universidade da Coruña Xurxo Mariño Alfonso. *Po de estrelas* reúne 32 relatos nos que explica de maneira clara, amena e divertida «segredos» de fenómenos que nos parecen obvios, como que é exactamente o sol.

O autor, que cualificou a obra de «ensalada científica fresca», presentouna acompañado de Manuela Mariño, que reali-

zou as infografías despregables do libro, e do ilustrador autor das viñetas, Santy Gutiérrez. No acto interviñeron tamén o catedrático e coordinador da sección de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade do Consello da Cultura, Díaz-Fierros, e o director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato.

O volume é a segunda entrega dos artigos que Xurxo Mariño publica no portal www.culturagalega.org, na sección *Os dados do reloxeiro*, que foi o título da obra na que reuniu os primeiros relatos, publicada no 2005.